



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Poesía en Lingua Galega e Portuguesa		Código	613G02043
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego/Portugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Profesorado	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Estudo particularizado de procesos, tendencias, produtos e traxectorias relevantes e significativas da poesía en lingua galega e portuguesa.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non haberá mudanzas.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Manteranse todas as metodoloxías, que serán adaptadas a modalidades de docencia telemática, de tipo síncrono (a través de Teams) e asíncrono (a través do Campus Virtual). *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Mecanismos de atención permanente: correo electrónico para a atención individual, foro xeral no Campus Virtual sobre a organización da materia e foro específico no Campus Virtual sobre as actividades avaliables. Mecanismos de atención dispoñíveis a petición do alumnado: Vídeo-tutorías a través de Teams.</p> <p>4. Modificacións na evaluación Manteranse o mesmo sistema de evaluación, de acordo coa adaptación á modalidade non presencial das metodoloxías docentes. *Observacións de evaluación: Non hai.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non haberá mudanzas. Todos os materiais bibliográficos imprescindíveis estarán dispoñíveis no Campus Virtual da materia.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise literaria.	A1 A2 A3 A10 A15	B7	C1
Saber avaliar, analizar e sintetizar criticamente información relativa á poesía en lingua galega e portuguesa.	A11 A14 B7	B1 B3	C6
Ser capaz de aplicar os coñecementos literarios á práctica.	A7 A11 A14 A15	B9 B10	C1 C6
Ter capacidade de análise, valorar e exercer o coñecemento desde un punto de vista crítico.	A14	B7 B8	C6
Ter un coñecemento amplio da poesía en lingua galega e portuguesa.	A17 A18 A19 A20	B8	C6
Elaborar textos escritos de diversa tipoloxía (traballos tutelados, fichas de lectura etc.).	A2 A4 A9 A11 A15	B1 B6 B7	C6
Relacionar os coñecementos adquiridos nesta materia cos de outras disciplinas afíns.	A11 A14 A15	B3 B5	C6
Ser capaz de realizar unha presentación oral sobre os contidos da materia.	A4 A9 A15	B4	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A poesía galega de 1975 á actualidade	1.1. Coñecemento construído: historia e crítica. Procesos de canonización. A función das antoloxías. 1.2. Centros e periferias do subsistema poético: institucións, grupos, traxectorias e tendencias repertoriais.
2. A poesía portuguesa após o 25 de abril	2.1. A poesía na configuración do campo literario portugués actual. Discursos historiográficos e críticos, e procesos de canonización. 2.2. Tendencias repertoriais, traxectorias consagradas e escritas marxinais.
3. Poesía e emerxencia literaria na literatura dos PALOP	3.1. Emerxencia literaria e procesos de independencia. Funcións das prácticas e dos repertorios poéticos. 3.2. Repertorios poéticos e modelos socioculturais: identidade, nación, xénero.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 B8 B9	14.5	29	43.5



Lecturas	A7 A10 A17 A18 A19 A20 B1 B3 B5 B6 B7 C1 C6	6	12	18
Seminario	A3 A2 B6 B7 C1	6	12	18
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A14 A17 A20 B6 B7 B10 C1	3	9	12
Proba mixta	A18 A17 A15 A14 A11 A9 A2 A1 B7 B4 C1	2	16	18
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

#### Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Sesiós de traballo en que a profesora explica a contextualización e os elementos necesarios para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior.
Lecturas	O profesorado establecerá un conxunto de lecturas para cada un dos temas. Comprenderán obras historiográficas, críticas e de creación (antoloxías e obras de autoría individual).
Seminario	Serán organizadas sesiós en que o alumnado, con orientación e supervisión do profesorado, presentará a súa análise dunha parte dos contidos e dos materiais da materia, previamente traballados de maneira autónoma.
Traballos tutelados	Cada estudiante deberá desenvolver un traballo tutelado sobre algún dos aspectos do temario. Contará coa orientación inicial e o acompañamiento continuado por parte do profesorado.
Proba mixta	Consistirá na realización dunha proba escrita relativa aos contidos do programa, e que combinará exercicios de carácter ensaístico con análise de fontes documentais e comentario de textos.

#### Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados  Lecturas	O profesorado estará dispoñible para atender de maneira personalizada todo o alumnado da materia, a través dos medios dispoñibles: correo electrónico, plataforma Teams e atención presencial. A atención personalizada será imprescindible para o desenvolvemento do traballo tutelado e dalgunha das sesiós de seminario.  A atención personalizada, a través dos medios dispoñibles, será especialmente relevante e necesaria no caso do alumnado con matrícula a tempo parcial e dispensa académica.

#### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A14 A17 A20 B6 B7 B10 C1	No traballo tutelado será valorada a correcta delimitación do tema, o aproveitamento dos materiais bibliográficos, os resultados finais e a calidade lingüística e expositiva.	25
Lecturas	A7 A10 A17 A18 A19 A20 B1 B3 B5 B6 B7 C1 C6	As lecturas obligatorias serán avaliadas a través de actividades de diferente tipo (recensión crítica, comentario de texto, cuestionario), ao longo de todo o cuadrimestre.	20
Proba mixta	A18 A17 A15 A14 A11 A9 A2 A1 B7 B4 C1	Proba escrita baseada fundamentalmente nas actividades de análise e comentario de textos, combinadas con outras de carácter ensaístico. Como no caso dos traballos tutelados, serán valoradas a expresión e o rigor expositivo.	40
Seminario	A3 A2 B6 B7 C1	As actividades de seminario serán desenvolvidas nas aulas presenciais e nelas será avaliada a lectura e a análise dos materiais propostos, a participación de cada estudiante, o traballo colaborativo e o desenvolvemento do pensamento crítico.	15



## Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliables.

Todas as actividades e probas deberán cumplir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo/a mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algúns destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña" (artigo 14.4).

As persoas matriculadas a tempo parcial e que obtiveren dispensa académica deberán porse en contacto co profesorado para organizar o seu seguemento da materia. Serán avaliadas de acordo co seguinte sistema: proba mixta (40%), traballo tutelado (30%) e lecturas (30%). Tamén deberán porse en contacto co profesorado aquelas persoas cuxo horario laboral sexa incompatible co seguemento da materia mais que non cumpla as condicións para obter a dispensa académica; apóas as pertinentes comprobacións, poderá ter condicións de avaliación equivalentes á dispensa académica.

A cualificación de NON PRESENTADO/A será outorgada cando o/a alumno/a non asistir á proba mixta e/ou cando tiver entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%.

Na segunda oportunidade (xullo) será aplicado o mesmo sistema de avaliación que na primeira. As persoas que concorren á segunda oportunidade deberán realizar unicamente as actividades non superadas na primeira. As datas de entrega serán indicadas polo profesorado con antecedencia suficiente. Estas mesmas condicións serán aplicadas na convocatoria adiantada de decembro.

## Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Bernárdez, C. L. &amp; Insua, E. X. &amp; Millán Otero, X. M. &amp; Rei Romeu, M. &amp; Tato Fontaí (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo: A Nosa Terra</li><li>- Casas, Arturo (ed.) (2003). Antoloxía da poesía consultada (1976-2000). Lugo: TrisTram</li><li>- García, Xosé Lois (1993). Floriram cravos vermello. Antología poética de expressão portuguesa em África e Ásia. A Coruña: Espiral Maior</li><li>- García, Xosé Lois (1998). Antología da poesía feminina dos PALOP (Países africanos de língua oficial portuguesa). A Coruña: Espiral Maior</li><li>- González Fernández, Helena (2001). A tribo das baleas. Poetas de arestora.. Vigo: Xerais</li><li>- Guimarães, Fernando (2002). A poesia contemporânea portuguesa do final dos anos 50 aos anos 90. Lisboa: Quasi Edições</li><li>- Kiobucka, Ana M. (2009). O formato mulher. A emergência da autoria femenina na poesia portuguesa. Coimbra: Angelus Novus</li><li>- Lopes, Óscar &amp; Marinho, Maria Fátima (dir.) (2001-2002). História da Literatura Portuguesa. Vol. 7. Lisboa: Alfa</li><li>- Martelo, Rosa Maria (2004). Em parte incerta. Estudos de poesia portuguesa moderna e contemporanea. Lisboa: Campo das Letras</li><li>- Mato Fondo, Miguel Anxo (1991). A mazá e a cinza. A poesia galega após 1976. Pontevedra: Edicións do Cumio</li><li>- Nogueira, María Xesús (2017). 13 Antoloxía da poesía galega próxima. Santiago de Compostela: Chan de pólvora &amp; papelesmínimos</li><li>- Reis-Sá, Jorge (2001). Anos 90 e agora. Uma antologia da nova poesia portuguesa. Vila Nova de Famalicão: Quasi Edições</li><li>- Rodríguez, Luciano (1986). Desde a palabra, doce voces. Nova poesía galega. Barcelona: Sotelo Blanco</li><li>- Salinas Portugal, Francisco (2006). Literaturas africanas en lengua portuguesa. Madrid: Síntesis</li><li>- Vilavedra, Dolores (1999). Historia da Literatura Galega. Vigo: Galaxia</li><li>- VV. AA. (2016). No seu despregar. Antoloxía poética. A Coruña: Apíario Editora</li><li>- VV. AA. (1998). Historia da literatura galega. vols. 3 e 4. Vigo: AS/PG &amp; A Nosa Terra</li><li>- VV.AA. (2000). Galicia. Literatura. A literatura desde 1936 ata hoxe : poesía e teatro. A Coruña: Hércules de Ediciones.</li></ul> <p>Será fornecida bibliografía específica para cada tema.</p>
Bibliografía complementaria	

#### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

#### Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías